

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 10 de xaneiro de 2011 que modifica a Orde do 7 de febreiro de 2008, pola que se fai pública a composición do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Pola Orde do 7 de febreiro de 2008 (DOG do 25 de febreiro) fíxose pública a composición do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

O artigo 7º.2 da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, establece que serán membros do Consello Social, entre outros, un profesor, un representante do persoal de administración e servizos e un estudante, elixidos polo Consello de Goberno da universidade entre os seus membros, na forma en que determinen os seus estatutos. En todo caso o nomeamento será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

O 10 de decembro de 2010 tivo entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia un escrito do presidente do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, comunicando que o Consello de Goberno da Universidade, na sesión celebrada o día 16 de outubro de 2010 designou como representantes do Consello de Goberno no seu Consello Social a Julio Seijas Vázquez polo sector do profesorado, a Antonio Pérez Casas polo de persoal de administración e servizos e Adrián Dios Vicente polo de estudantes, achegando tamén as correspondentes declaracións de incompatibilidade establecidas no artigo 12º e) da Lei 1/2003, do 9 de maio.

O artigo 7º.4 da citada Lei 1/2003, do 9 de maio, establece que os acordos de designación de membros do consello social seranlle comunicados ao conselleiro competente en materia universitaria, quen procederá ao seu nomeamento mediante orde da súa consellería.

Por todo iso,

DISPOÑO:

Artigo único.

Facer público o nomeamento de Julio Seijas Vázquez, Antonio Pérez Casas e Adrián Dios Vicente, como membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela en representación do Consello de Goberno da Universidade.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2011.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 11 de xaneiro de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións para o apoio ao emprendemento feminino (Programa Emega) e se procede á súa convocatoria para o ano 2011 (SI429A).

A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é un principio básico e fundamental recoñecido na Constitución española. O seu artigo 1º.1 establece a igualdade como un valor superior do ordenamento xurídico e o artigo 9º.2 formula o mandamento expreso aos poderes públicos para que a fagan efectiva, prohibindo o artigo 14º expresamente calquera discriminación por razón de sexo.

O Estatuto de autonomía de Galicia determina, no seu artigo 4º, que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, establece o compromiso da comunidade autónoma na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade no ámbito laboral e formativo. Do conxunto de medidas que esta lei refire para acadar este obxectivo ten especial relevancia a obriga de aplicar todas as competencias para que a maternidade deixe de ser motivo de discriminación para as mulleres e para que as cargas familiares sexan obxecto de corresponsabilidade familiar. Neste sentido, a conciliación do emprego e da vida familiar e o fomento do emprego feminino por conta propia ou allea son criterios xerais fixados na lei que vinculan a actuación dos poderes públicos.

As medidas de fomento ás iniciativas empresariais promovidas por mulleres e baseadas en fórmulas de promoción do autoemprego constitúen actuacións eficaces para a xeración e mantemento de emprego, mobilización de recursos e corrección de desequilibrios rexionais que repercuten na redución da taxa de paro feminino que certamente segue sendo máis elevada que a do home. Son, por tanto, medidas que no contexto de crise económica actual cobran especial relevancia polo que resulta obrigado fomentalas por parte da Administración en xeral e dos organismos de igualdade en particular.

Concretamente, o crecemento do autoemprego e das iniciativas empresariais está sendo sostido nunha ampla porcentaxe por mulleres, que manteñen de forma máis constante a actividade emprendedora neste momento de crise e lideran a creación de

negocios, unha alternativa particularmente interesante neste momento no que son maiores as dificultades para atopar emprego asalariado.

Asemade, a definitiva incorporación e participación en igualdade das mulleres no mercado laboral non será posible mentres non se arbitren medidas que permitan que a responsabilidade parental e familiar se comparta entre as mulleres e os homes, poñendo en marcha medidas que favorezan a atención igualitaria das obrigas do traballo e tamén as responsabilidades familiares. A conciliación da vida persoal, familiar e laboral debe necesariamente vir da man de medidas que favorezan a incorporación dos traballadores á compartición das tarefas no eido da familia. Medidas que permitan unha maior flexibilización espacial e temporal das condicións laborais son, polo tanto, moi favorables ao equilibrio necesario entre vida laboral e familiar, pero resultan máis efectivas aquelas que flexibilizan as condicións de traballo dos homes traballadores, evitando así que as tarefas de coidado recaian exclusivamente nas mulleres, un factor que acaba prexudicando as carreiras profesionais femininas a medio ou longo prazo.

No Decreto 79/2009, do 19 de abril, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e no Decreto 215/2010, do 16 de decembro, polo que se modifica o Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade configúrase como órgano superior da Administración da comunidade autónoma, á que lle corresponden, entre outras, as competencias de promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, segundo o disposto na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, así como propor medidas, programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, a incrementar a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural e a eliminar as discriminacións existentes entre sexos.

No marco desas competencias enmárcase o programa Emega, un programa de estímulo ás mulleres emprendedoras, apoiándoas mediante a concesión dunha serie de axudas económicas para que se establezan como empresarias e deste xeito acaden a súa propia promoción e contribúan á creación de postos de traballo. Nesta convocatoria o programa modifícase para adaptarse ás necesidades especiais que a situación económica demanda ampliando o campo de actuación e flexibilizando os requisitos para participar nel, posto que o obxectivo básico é posibilitar que as mulleres emprendedoras se integren no sector produtivo poñendo en marcha as súas iniciativas empresariais, ao tempo que se pretende a consolidación das xa establecidas fomentando principalmente a súa capacitación, especialización e formación en tecnoloxías avanzadas cara a mellora da súa competitividade. Para cumprir este obxectivo o

programa prevé axudas específicas para implantar nas empresas novas formas de organización do traballo coas que aplicar novas habilidades técnicas e de xestión, de emprego dos tempos e de desenvolvemento sustentable no emprego dos recursos; en definitiva, que se doten de ferramentas axeitadas para proporcionar flexibilidade na execución do traballo e así ampliar o abano de posibilidades de integración no tecido produtivo á fronte das súas empresas con vocación e garantías de permanencia.

Esta liña de actuación que se establece para o apoio ao emprendemento feminino a través da convocatoria pública de axudas e subvencións para a creación e a mellora de proxectos empresariais para o ano 2011 está amparada no réxime de axudas *de minimis* e financiada polo Fondo Social Europeo dentro do programa operativo do FSE para o período 2007-2013.

A convocatoria destas axudas axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño), ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia (DOG nº 20, do 29 de xaneiro), no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG nº 214, do 5 de novembro), na Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011, e no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro) e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2007, do 21 de xullo (BOE nº 176, do 25 de xullo).

Por todo o exposto, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Finalidade e réxime das axudas.*

1. O obxecto desta resolución é fixar as bases reguladoras e a convocatoria pública para o ano 2011, das axudas e subvencións establecidas pola Secretaría Xeral da Igualdade, polo procedemento de concorrencia competitiva, amparadas no réxime *de minimis*, para apoiar o emprendemento feminino e a consolidación de proxectos empresariais liderados por mulleres como medio axeitado para a súa promoción, participación e progresión no mercado laboral, a través das seguintes áreas de actuación:

-Área de actuación I: apoio á posta en marcha de iniciativas empresariais por mulleres en forma de primas básicas ao emprendemento, a través dunha achega económica que sirva de compensación ao esforzo económico do primeiro período de actividade e de estímulo para a creación de emprego feminino por conta allea.

-Área de actuación II: apoio á mellora de proxectos empresariais liderados por mulleres en forma de primas especiais que sirvan de incentivo para afrontar un proxecto de mellora caracterizado pola crea-

ción de emprego feminino estable e de calidade e a mellora da competitividade.

2. Estas axudas están sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE L379, do 28 de decembro). Esta circunstancia farase constar expresamente nas resolucións de concesión. Polo tanto, a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada. Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, non poderán concederse a empresas dos sectores da pesca e acuicultura, segundo se prevé no Regulamento (CE) 104/2000 do Consello; da produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado; das actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou Estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e ao funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación; e do carbón, segundo se define no Regulamento (CE) 1407/2002.

Artigo 2º.-Financiamento.

Estas subvencións financiaranse con cargo á partida orzamentaria 04.40.313B.470.0 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, de acordo coa Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, e o importe destinado a estas ascende a 687.500 euros, cofinanciado ao 80% polo Fondo Social Europeo do Programa Operativo FSE-Galicia 2007-2013 (eixo 2 tema prioritario 69).

De acordo co disposto no artigo 30º.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo; e no suposto previsto no artigo 25º.3 do dito regulamento. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria, sen que isto implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 3º.-Normativa aplicable.

A tramitación de solicitudes e concesión destas axudas axustarase ao disposto no Regulamento (CE)

1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado CE ás axudas *de minimis*; no Regulamento (CE) 1081/2006, do 5 de xullo, relativo ao Fondo Social Europeo; no Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia; na Orde do 21 de decembro de 2009, da consellería de Facenda, pola que regulan as normas para a execución, seguimento e control dos programas operativos Feder de Galicia 2007-2013 e FSE de Galicia 2007-2013; na Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo durante o período de programación 2007-2013 e na Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo, que a modifica; nesta resolución e demais normativa de aplicación.

En canto á información e publicidade das accións que se realicen ao abeiro desta resolución rexerá o disposto no Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Social Europeo de Desenvolvemento Rexional e demais normativa de aplicación.

Artigo 4º.-Beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias das axudas correspondentes á área de actuación I as mulleres que cumpren os seguintes requisitos:

a) Que creen o seu propio posto de traballo, partindo dunha situación de desemprego ou inactividade por un período mínimo de tres meses anterior ao día primeiro do mes de inicio de actividade, establecéndose como empresarias autónomas ou sociedades unipersoais.

b) Que constitúan microempresas ou pequenas empresas, baixo calquera forma societaria, incluídas as sociedades civís e comunidades de bens, sempre que:

-Se creen na empresa os postos de traballo de todas as socias ou emprendedoras.

-Polo menos o 50% das mulleres que constitúen a empresa estivesen en situación de desemprego ou inactividade por un período mínimo de tres meses

anterior ao día primeiro do mes de inicio de actividade.

-A administración sexa exercida unicamente por mulleres.

-O capital social pertenza unicamente a mulleres cando se trate de microempresas, ou que maioritariamente estea subscrito por mulleres no caso de pequenas empresas.

c) Que o inicio da actividade empresarial teña lugar entre o 1 de setembro de 2009 e a data de finalización de prazo de presentación de solicitudes. Para estes efectos, computarase a data de alta da actividade no IAE ou da declaración censal (no caso de varias actividades terase como referencia a da actividade principal) que terá que coincidir no mesmo mes en que se formalice a alta das promotoras no réxime da seguridade social ou mutualidade profesional que corresponda. Con carácter excepcional e sempre que exista causa razoada, entenderase que se cumpre este requisito cando polo menos a metade das socias causen alta no mes en que se produza a alta fiscal da empresa e o resto con anterioridade ao 31 de outubro de 2011.

d) Que realicen un investimento mínimo de 6.000 euros, segundo a letra A) do anexo III, deducido o importe correspondente á provisión de fondos. Quedan exceptuadas do cumprimento deste requisito as iniciativas para a posta en marcha de empresas dedicadas á prestación de servizos de conciliación.

e) Que realicen as actuacións obxecto de subvención e cumpran os demais requisitos e obrigas establecidas.

f) Que non recibisen con anterioridade axuda dos programas Emega para creación de empresas.

2. Poderán ser beneficiarias das axudas correspondentes á área de actuación II as empresarias autónomas, microempresas e pequenas empresas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que acrediten o cumprimento das condicións sobre o capital social e a administración da empresa establecidas no punto anterior.

b) Que acrediten actividade empresarial, no mesmo sector para o que se proxecta a mellora, ininterrompida entre 2 e 5 anos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

c) Que non recibisen con anterioridade axuda dos programas Emega para mellora de empresas.

d) Que realicen un investimento mínimo de 6.000 euros segundo a letra A) do anexo III, deducido o importe correspondente á provisión de fondos.

e) Que presenten un proxecto de mellora empresarial que supoña a creación, polo menos, dun posto de traballo para unha muller, para o que se exixa capacitación profesional media ou superior e as súas funcións estean vinculadas directamente ás accións do proxecto de mellora.

f) Que o proxecto se materialice a través dalgunha das seguintes accións:

-Proxectos de desenvolvemento de tecnoloxías avanzadas para a obtención de novos produtos ou procesos ou mellora dos xa existentes.

-Proxectos de aplicación de novas fórmulas de produción e/ou distribución.

-Proxectos de diversificación de produción e/ou da oferta de produtos ou servizos no marco da mellora da calidade.

-Proxectos de reformulación empresarial para a achega ao mercado de produtos e/ou servizos innovadores ou de especial singularidade.

g) Que realicen as actuacións obxecto de subvención e cumpran os demais requisitos e obrigas establecidas.

3. Todos os postos de traballo que se creen para dar cumprimento ao establecido neste artigo teñen que estar cubertos por un período mínimo de cinco anos e computarase desde que se produzan as altas correspondentes no sistema da Seguridade Social ou mutualidades profesionais, en todo caso, estas altas terán lugar como data límite o 31 de outubro de 2011. Para os efectos do disposto neste punto, cando remate un contrato por causa allea á empresa e sempre que se volva a ocupar o dito posto no prazo máximo dun mes, o período mínimo de cinco anos non se considerará interrompido. Para os efectos do cumprimento do requisito de creación de postos de traballo por conta allea non se computarán os contratos de interinidade.

4. As persoas físicas e xurídicas solicitantes deberán acreditar mediante declaración responsable que non se atopan incursas en ningunha das causas de prohibición previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiarias. Con carácter específico quedan excluídas do ámbito desta convocatoria as empresas públicas ou participadas.

Artigo 5º.-Tipos de axuda e contías.

1. As axudas destinadas ás beneficiarias da área de actuación I consistirán nunha prima básica ao emprendemento feminino establecida para estimular as mulleres a crear o seu propio posto de traballo, e, ao tempo, crear emprego estable para outras mulleres por conta allea, a través dunha achega económica, para a que se establecen as seguintes contías en función do emprego xerado:

a) Prima de 8.000 euros cando se trate de empresarias autónomas ou sociedades formadas por unha ou dúas mulleres.

b) Prima de 10.000 euros cando se trate de sociedades formadas por tres ou catro mulleres.

c) Prima de 12.000 euros cando se trate de sociedades formadas por cinco ou seis mulleres.

d) Prima de 14.000 euros cando se trate de sociedades formadas por mais de seis mulleres.

e) Prima de 16.000 euros para empresas que creen un posto de traballo por conta allea de carácter indefinido para mulleres.

f) Prima de 18.000 euros para empresas que creen dous postos de traballo por conta allea de carácter indefinido para mulleres.

g) Prima de 20.000 euros para empresas que creen máis de dous postos de traballo por conta allea de carácter indefinido para mulleres.

h) Prima de 25.000 euros para empresas que creen máis de dous postos de traballo por conta allea de carácter indefinido para mulleres e que, polo menos, un deles sexa a tempo completo.

i) Prima de 30.000 euros para empresas que creen máis de dous postos de traballo por conta allea de carácter indefinido a tempo completo para mulleres desempregadas de longa duración e maiores de corenta e cinco anos.

2. As axudas destinadas ás beneficiarias da área de actuación II consistirán nunha prima especial ao emprendemento feminino, para a que se fixan as seguintes contías:

a) Contía xeral: prima de 15.000 euros por empresa.

b) Contías específicas:

b.1) Prima de 20.000 euros para as empresas que, ademais do posto exixido no artigo 4º.2 e), creen dous ou máis postos de traballo por conta allea de carácter indefinido para mulleres.

b.2) Prima de 25.000 euros para empresas que, ademais do posto exixido no artigo 4º.2e), creen máis de dous postos de traballo por conta allea de carácter indefinido para mulleres e que, polo menos, un deles sexa a tempo completo.

b.3) Prima de 30.000 euros para empresas que, ademais do posto exixido no artigo 4º.2 e), creen máis de dous postos de traballo por conta allea de carácter indefinido a tempo completo para mulleres desempregadas de longa duración e maiores de corenta e cinco anos.

3. Os postos de traballo vinculados ás primas cumpriran os mesmos requisitos que os establecidos no punto tres do artigo anterior.

4. Complemento subvencional: o importe da subvención, fixado a través da prima correspondente, poderá incrementarse en 10.000 euros cando a empresa presente un acordo laboral, aprobado polas/os traballadoras/es ou representantes sindicais e vinculante para as partes, para a implantación de novos sistemas de organización que favorezan a conciliación, a non segregación, que supoñan flexibilización horaria e/ou ben que formalice de xeito individual acordos de teletraballo co persoal vinculado á empresa por contrato laboral. En ambos os dous casos os acordos manteranse vixentes durante o período mínimo de permanencia na actividade establecido nas obrigas que deben cumprir as beneficiarias.

5. Para as axudas desta convocatoria establécese o tope específico de 30.000 euros por empresa, incluído o complemento subvencional, tendo en conta que as axudas de ambas as dúas liñas son incompatibles e que dentro de cada liña só se pode ser beneficiaria dunha única prima; todo iso sempre que se respecten os topes xerais de axuda *de minimis*.

Artigo 6º.-Solicitudes.

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se publica como anexo I no cal teñen que indicar a área de actuación para a que solicitan a subvención, xunto coa documentación, en orixinal ou copia compulsada, que se relaciona:

1. CIF da empresa, copia do documento de constitución da sociedade e copia da documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade. Cando a solicitante sexa persoa física, a sinatura do anexo I de solicitude comporta autorización á administración para a consulta dos datos de identidade, a dita comprobación realizarase agás que coa solicitude se achegue copia do DNI ou NIE.

2. Datos das persoas promotoras (anexo II) xunto cos seus currículos e o cadro de persoal da empresa, no que se indique a denominación dos postos, cualificación exixida, tipos de contrato, retribucións anuais e indicarse tamén se están ocupados por homes ou mulleres.

3. Informe de vida laboral actualizado de todas as persoas promotoras, emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e/ou pola mutualidade profesional, segundo corresponda.

4. Certificación da AEAT que reflita a data da alta fiscal da empresa e os códigos da actividade económica correspondentes; no seu defecto admitirase copia da alta censal.

5. Memoria descritiva do proxecto que referirá, polo menos, os seguintes extremos: forma societaria elixida, porcentaxes de participación de cada socia/o, descrición detallada do proxecto, experiencias de implantación, situación e/ou conexión no mercado, destino do produto ou servizo, necesidades que se van cubrir ou se están a cubrir, ámbito de desenvolvemento e localización, sectores económicos afectados, descrición detallada de investimentos (incluíndo relación de facturas ou, no seu defecto, de orzamentos), fontes de financiamento, descrición de medios humanos, situación laboral-familiar do persoal asalariado, entidades, empresas ou administracións de apoio no proxecto, data de inicio das actuacións, dos investimentos, etc.

Cando esta memoria corresponda ao proxecto de mellora (área de actuación II) indicará, ademais de todo o anterior, todos os datos relativos ao posto de traballo que se vai cubrir vinculado ao proxecto de mellora.

6. Memoria económica (anexo III).

7. Compromiso expreso de creación de postos de traballo por conta allea, de ser o caso (anexo IV).

8. Declaración actualizada do conxunto de todas as axudas solicitadas, concedidas ou percibidas, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou das súas entidades vinculadas ou dependentes (anexo V).

9. Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta da empresa solicitante na que conste: o código de banco, o código de sucursal, o dígito de control e o código de conta corrente.

10. De ser o caso, documentación acreditativa das situacións específicas obxecto de valoración segundo o establecido no artigo 12º.

Artigo 7º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

1. As solicitudes dirixíranse á Secretaría Xeral da Igualdade e presentaranse, no formulario normalizado que se publica como anexo I desta resolución, xunto coa documentación indicada no artigo anterior, nos rexistros da Xunta de Galicia, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso se subscribise o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 8º.-Información aos/ás interesados/as.

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código SI429A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral da Igualdade, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial: www.mulleresengalicia.es.
- b) Os teléfonos 981 54 53 69, 981 54 53 74.
- c) O enderezo electrónico igualdade@xunta.es
- d) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderase facer uso do teléfono de información xeral da Secretaría Xeral da Igualdade que é o 981 54 53 51.

Artigo 9º.-Consentimentos e autorizacións.

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. De conformidade co artigo 20º.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, se a persoa solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa figura no poder da Administración, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instructor para acceder a

ela. Para estes efectos, a documentación débese manter vixente e identificarse no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos.

3. De conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral da Igualdade publicará na súa páxina web oficial a relación das beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das beneficiarias e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

4. A Secretaría Xeral da Igualdade velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederase á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros; non obstante, a Secretaría Xeral da Igualdade revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito achegando identificación suficiente ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto, que se poderá atopar na Guía do Cidadán da páxina web da Xunta.

Artigo 10º.-Emenda da solicitude.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente requirirán a persoa solicitante para que, no prazo de dez días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese se terá por desistida a petición, logo da resolución, de conformidade co previsto no artigo 71º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxi-

me xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6 b), 60º e 61º da indicada Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda poderanse facer mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade. Se a instrución do procedemento o aconsellase, o órgano competente poderá substituír esta publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na web pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 59º da Lei 30/1992.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarias para a tramitación e resolución do procedemento.

Artigo 11º.-Comisión de valoración.

1. A secretaria xeral da Igualdade designará unha comisión de valoración, que estará composta, polo menos, por tres membros: a presidenta, que será a subdirectora xeral de Promoción da Igualdade, e dous vogais, actuando un deles como secretario/a. Se, por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe a secretaria xeral da Igualdade.

2. A comisión poderá estar asistida por persoas expertas externas e, así mesmo, poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión para os efectos de colaborar na revisión e valoración dos documentos achegados coa solicitude.

3. Unha vez avaliados os expedientes e determinada a prima de cada proxecto, a comisión fixará o limiar mínimo en canto á puntuación para acadar subvención tendo en conta o crédito orzamentario e os topes xerais establecidos nestas bases, e emitirá un informe con base no cal o órgano instructor elevará unha proposta de resolución á secretaria xeral da Igualdade. En caso de que máis dunha solicitude obteña a mesma puntuación e non sexa posible por razóns orzamentarias adxudicar axuda a todas elas, o desempate establecerase en función das puntuacións máis altas segundo as epígrafes parciais dos criterios, empezando pola letra a.1 ou pola letra b.1, segundo corresponda á liña I ou II, respectivamente.

4. Na proposta de concesión que formule o órgano instructor figurarán de xeito individualizado as solicitantes propostas para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde, segundo os criterios recollidos no artigo seguinte e indicando o importe da concesión que se propón para cada unha delas.

5. No caso de existiren solicitudes susceptibles de subvención pero que non se inclúen na proposta anterior por terse esgotado o crédito dispoñible, que-

darán en reserva para seren atendidas, ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou por modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ou ben por incremento do crédito orzamentario destinado a esta subvención. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 12º.-Criterios de valoración.

A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os proxectos debidamente xustificadas conforme o seguinte baremo:

a) Criterios aplicables aos proxectos pertencentes á área de actuación I:

a.1. Período de desemprego ou inactividade das promotoras inmediatamente anterior ao inicio da actividade: máximo 10 puntos, atendendo ás seguintes especificacións:

-Período de desemprego igual ou superior a 12 meses: 3 puntos/promotora.

-Período de desemprego inferior a 12 meses: 2 puntos/promotora.

a.2. Experiencia laboral das promotoras no sector da actividade subvencionada: 3 puntos promotora/ano, ata o máximo de 10 puntos.

a.3. Creación de postos de traballo por conta allea para mulleres, ata 10 puntos de acordo coa seguinte desagregación:

-Por cada contrato de carácter indefinido a tempo completo: 4 puntos.

-Por cada contrato de carácter indefinido a tempo parcial: 3 puntos.

-Por cada contrato temporal superior a 6 meses a tempo completo: 2 puntos.

-Por cada contrato temporal superior a 6 meses a tempo parcial: 1 punto.

Esta valoración incrementarase en 5 puntos cando os postos sexan ocupados por mulleres inactivas ou paradas de longa duración con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral: mulleres con discapacidade, mulleres que se atopen en situación de especial dificultade derivada da violencia de xénero ou risco de exclusión social ou despois dunha interrupción causada pola dificultade de compaxinar a vida laboral e familiar.

a.4. Creación de postos de teletraballo para homes con persoas dependentes: por cada contrato 3 puntos, ata o máximo de 9 puntos.

a.5. Creación de postos de teletraballo para mulleres con persoas dependentes: por cada contrato 2 puntos, ata o máximo de 8 puntos.

a.6. Achega de carácter privado ao proxecto, a puntuación máxima desta epígrafe é de 7 puntos:

-Achegas superiores ao 75% do total do financiamento do proxecto: 7 puntos.

-Achega igual ou superior ao 50% e inferior ao 75%: 5 puntos.

-Achega igual ou superior ao 25% e inferior ao 50%: 3 puntos.

-Achega inferior ao 25%: 1 punto.

a.7. Sistemas de produción/comercialización baseados en principios de sustentabilidade ambiental, ata o máximo de 7 puntos:

-Produción e comercialización: 7 puntos.

-Produción ou comercialización: 5 puntos.

a.8. Emprego de tecnoloxías avanzadas no proceso de produción, comercialización e relacións empresariais, ata o máximo de 7 puntos:

-Produción, comercialización e relacións empresariais: 7 puntos.

-Produción e comercialización: 5 puntos.

-Produción ou comercialización: 3 puntos.

a.9. Proxectos empresariais de produción e comercialización integrais con control de rastrexabilidade: 7 puntos.

b) Criterios aplicables aos proxectos pertencentes á área de actuación II:

b.1. Creación de postos de traballo por conta allea para mulleres, ata o máximo de 10 puntos:

-Por cada contrato de carácter indefinido a tempo completo: 4 puntos.

-Por cada contrato de carácter indefinido a tempo parcial: 3 puntos.

-Por cada contrato temporal superior a 6 meses a tempo completo: 2 puntos.

-Por cada contrato temporal superior a 6 meses a tempo parcial: 1 punto.

Esta valoración incrementarase en 5 puntos cando os postos sexan ocupados por mulleres inactivas ou paradas de longa duración con especiais dificultades de acceso ao mercado laboral: mulleres con discapacidade, mulleres que se atopen en situación de especial dificultade derivada da violencia de xénero ou risco de exclusión social ou despois dunha interrupción causada pola dificultade de compaxinar a vida laboral e familiar.

b.2. Creación de postos de teletraballo para homes con persoas dependentes: por cada contrato 3 puntos, ata o máximo de 9 puntos.

b.3. Creación de postos de teletraballo para mulleres con persoas dependentes: por cada contrato 2 puntos, ata o máximo de 8 puntos.

b.4. Achega de carácter privado ao proxecto, ata o máximo de 7 puntos:

-Achegas superiores ao 75% do total do financiamento do proxecto: 7 puntos.

-Achega igual ou superior ao 50% e inferior ao 75%: 5 puntos.

-Achega igual ou superior ao 25% e inferior ao 50%: 3 puntos.

-Achega inferior ao 25%: 1 punto.

b.5. Participación activa no desenvolvemento do proxecto de investigadoras e/ou científicas galegas: 7 puntos.

b.6. Proxectos xurdidos de centros de investigación ou centros tecnolóxicos: 6 puntos.

b.7. Proxectos vinculados a un sistema de calidade homologado: 6 puntos.

b.8. Localización dos proxectos en zonas rurais, ate o máximo de 6 puntos:

-Concellos con densidade de poboación entre 100 e 150 hab/km²: 2 puntos.

-Concellos con densidade de poboación entre 75 e 100 hab/km²: 4 puntos.

-Concellos con densidade de poboación inferior a 75 hab/km²: 6 puntos.

b.9. Empresas con programas de formación laboral permanente propios ou a través de asociacións profesionais:

-Programas propios: 5 puntos.

-Programas a través de asociacións profesionais: 3 puntos.

b.10. Empresas con plan de igualdade vixente: 5 puntos.

Artigo 13º.-Resolución e notificación.

1. Unha vez concluído o proceso de valoración, ó organo instrutor formulará a proposta de resolución, que se elevará á secretaria xeral da Igualdade.

2. A secretaria xeral da Igualdade, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a solicitante ou a relación de solicitantes ás que se lles concede a subvención, a actuación que se subvenciona, así como a subvención concedida e, se é o caso, a desestimación do resto das solicitudes e causa de denegación.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de tres meses, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, que en todo caso deberá producirse antes de rematar o exercicio orzamentario, as interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59º.6 b) da indicada lei, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, a notificación individual das resolucións poderá substituírse pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e producirá os seus mesmos efectos.

5. Na resolución de concesión serán informadas as beneficiarias de que a obtención de axuda comuni-

taria implica a aparición na lista pública de persoas beneficiarias, na que figuran os datos de identidade ou denominación social, das operacións e da contía de fondos públicos asignada a cada operación, que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7º.2 d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).

Artigo 14º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente resolución de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a secretaria xeral da Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 15º.-*Aceptación e renuncia.*

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, transcorridos quince días naturais desde a notificación ou publicación desta sen que a interesada comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiaria.

A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 16º.-*Incompatibilidade e concorrencia.*

1. As subvencións reguladas nesta resolución son incompatibles con calquera outra subvención corrente destinada ao fomento do emprendemento feminino, ben a través da creación de emprego autónomo ou ben pola xeración de postos de traballo por conta allea para mulleres.

2. Tendo en conta o anterior, en ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta resolución poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere os límites legalmente establecidos.

3. As entidades solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva

de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para un mesmo programa, segundo o establecido no número 7) do artigo 6º. Na fase de xustificación do pagamento deberán achegar unha declaración complementaria e actualizada co mesmo contido que a exixida coa solicitude.

Artigo 17º.-*Obrigas das beneficiarias.*

1. De conformidade co establecido no artigo 11º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable, as beneficiarias destas están obrigadas a:

a) Iniciar a actividade nos períodos establecidos no artigo 4º, sen prexuízo da facultade da Secretaría Xeral da Igualdade de comprobar a realización material das actuacións propias da empresa de que se trate fronte ao público en xeral.

b) Comunicar, no prazo de 15 días, todas as variacións que se produzan na empresa.

c) Facer o investimento previsto para a creación, de ser o caso, ou mellora da empresa, e manter un sistema de contabilidade con codificación adecuada que permita identificar todas as transaccións realizadas vinculadas ao proxecto subvencionado e conservar os documentos xustificativos por un período de tres anos (ata o ano 2018) a partir do peche do programa operativo.

d) Ter unha permanencia ininterrompida na actividade de cinco anos como mínimo e cumprir os requisitos de publicidade. Durante este tempo deberá permanecer exposto o cartel o que se refire o artigo 20º.

e) Cumpriñ os compromisos asinados de creación de emprego; achegar, antes do 30 de decembro de 2011, o informe da situación de todos os códigos de cotización da empresa en que consten todos os contratos vinculados á subvención, e manter os postos que se creen polos períodos mínimos exixidos nesta resolución.

f) Efectuar a xustificación para a percepción da axuda conforme o establecido nesta resolución.

g) Facilitar toda a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

h) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da comunidade autónoma, do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Inmigración e da Secretaría Xeral da Igualdade para realizar as comprobacións e verificacións que se consideren precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

i) Comunicarlle á Secretaría Xeral da Igualdade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, e non superar as porcentaxes máximas de acumulación establecidas na normativa comunitaria europea.

j) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade autónoma. Cando as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instrutor, consonte o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, desen como resultado que a solicitante ou a beneficiaria ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións, será requirida para que regularice a situación e presente por si mesma o correspondente certificado.

k) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro, que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

2. Ademais dos controis que os órganos competentes establezan para verificar o cumprimento das obrigas das beneficiarias, serán sometidos a especial seguimento os compromisos de permanencia e de creación de emprego podéndose exixir, durante os cinco anos de mantemento, a remisión periódica ao órgano xestor dos boletíns de cotización á Seguridade Social, dos informes de vida laboral do persoal da empresa e das emprendedoras e/ou os informes dos códigos de cotización da empresa.

3. O incumprimento de calquera das obrigas mencionadas será causa de revogación da subvención, ou de reintegro, se é o caso, dos importes percibidos e dos xuros de demora correspondentes.

Artigo 18º.-*Subcontratación.*

Queda excluída do ámbito desta convocatoria a subcontratación, non obstante, en aplicación do disposto no artigo 27º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non se inclúe nesta prohibición a contratación daqueles gastos en que a beneficiaria teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade vinculada á iniciativa subvencionada.

Artigo 19º.-*Xustificación e pagamento.*

1. Con base no establecido no título III, artigo 48º.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, e tendo en conta o obxecto e natureza destas subvencións, unha vez concedidas, o seu pagamento quedará condicionado a que as beneficiarias presenten a solicitude de pagamento (anexo VI) xunto coa seguinte documentación:

a) Copia compulsada das altas das promotoras no réxime correspondente da Seguridade Social e/ou mutualidade profesional, segundo corresponda.

b) Copia compulsada da inscrición da empresa no sistema da Seguridade Social, de ser o caso.

c) Copias compulsadas dos documentos de alta na Seguridade Social das/os traballadoras/es por conta allea e dos contratos correspondentes en cumprimento dos compromisos asumidos no anexo IV.

d) Declaración responsable acreditativa do cumprimento total do orzamento de investimentos previsto no proxecto, que inclúa a relación de xustificantes de gasto, en que consten: identificación de persoa acreedora, número e data da factura ou documento equivalente, concepto, importe sen IVE e data de pagamento, asinada pola representante legal ou promotoras.

e) Orixinal e copia do acordo laboral, de ser o caso.

f) Orixinal e copia do/s acordo/s de teletraballo, de ser o caso.

g) Declaración de axudas: anexo V actualizado.

h) Acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, fotocopias, captura de pantallas...) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

2. O prazo para a presentación da xustificación remata o 15 de novembro de 2011.

3. No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, procederase, logo da resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

4. Recibida a documentación xustificativa os órganos competentes da Secretaría Xeral da Igualdade, antes de proceder ao pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación que consideren oportunas para verificar o cumprimento das accións subvencionadas.

Artigo 20º.-*Publicidade das accións.*

No lugar onde se leven a cabo as accións correspondentes aos proxectos subvencionados deberá figurar, de forma visible para o público en xeral, un cartel informativo que indique o cofinanciamento do seu proxecto con fondos europeos FSE, así como pola Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral da Igualdade de acordo co disposto na regulamentación comunitaria nesta materia. Para isto emprega-

rán a lenda Proxecto cofinanciado, acompañado do escudo normalizado da Xunta de Galicia coa lenda Presidencia-Secretaría Xeral da Igualdade, e o emblema normalizado da Unión Europea coa lenda Unión Europea. Fondo Social Europeo. Precedendo aos emblemas empregárase a lenda O FSE inviste no teu futuro. Os custos correspondentes á dita publicidade serán por conta da beneficiaria da subvención.

Cando o proxecto se materialice nun sitio da internet deberán realizarse en lugar visible as citadas referencias na súa páxina de inicio; así mesmo, establecerase un enlace cara a páxinas web da Comisión Europea relativas ao Fondo. O modelo de cartel coas características técnicas estará na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade na epígrafe de subvencións.

Nas demais accións que correspondan a proxectos subvencionados ao abeiro desta resolución non se reproducirán, en ningún documento, os anagramas das entidades e organismos cofinanciadores agás que, en aplicación da normativa vixente, se produza autorización ou instrución expresa da Secretaría Xeral da Igualdade.

Artigo 21º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, de ser o caso, á súa revogación de acordo co artigo 17º.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A resolución de modificación será ditada pola secretaria xeral da Igualdade, logo da instrución do correspondente expediente.

2. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras e demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión dará lugar á obriga de devolver totalmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitárase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

4. Ás beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 22º.-*Seguimento e control.*

As actividades subvencionadas quedan sometidas, durante os cinco anos seguintes ao inicio da actividade ou á data das contratacións por conta allea comprometidas, de ser esta posterior, ás actuacións de supervisión e control do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Euro-

peo do Ministerio de Traballo e Inmigración e da Secretaría Xeral da Igualdade; e as de control financeiro que lle correspondan á Consellería Facenda, as previstas na lexislación do Consello de Contas ou as daqueles outros organismos públicos que, de ser o caso, procedan.

Disposicións adicionais

Primeira.-Nos casos en que se resolva conceder subvencións sobre solicitudes da lista de reserva, de conformidade co previsto no número 5 do artigo 11º desta resolución, o prazo de presentación das correspondentes xustificacións será o indicado na resolución de concesión sempre que non exceda do exercicio orzamentario vixente.

Segunda.-De conformidade cos puntos 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, este organismo publicará na súa páxina web oficial as concesións de subvencións segundo se indica no número 4 do artigo 10º desta resolución, e incluírá as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos correspondentes rexistros públicos, polo que coa presentación da solicitude se presta expresamente o consentimento para o tratamento necesario dos datos persoais das persoas físicas e xurídicas beneficiarias e a referida publicidade.

Terceira.-Sen prexuízo das facultades inspectoras que teñan atribuídas outros órganos da Administración estatal e autonómica, o Fondo Social Europeo, a Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Inmigración e a Secretaría Xeral da Igualdade poderán realizar as comprobacións e verificacións que consideren precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Cuarta.-A Secretaría Xeral da Igualdade poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta resolución.

Quinta.-Ás beneficiarias das axudas reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 9/2007, do subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A Secretaría Xeral da Igualdade ditará as instrucións que sexan necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 xaneiro de 2011.

Marta González Vázquez
Secretaría xeral da Igualdade



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE axuda a crear o futuro"

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIONS PARA O APOIO AO EMPREDEMENTO FEMININO PROGRAMA EMEGA	CODIGO DO PROCEDEMENTO SI429A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

1. DATOS DA SOLICITANTE

APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		DNI/CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CODIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			
TIPOLOXÍA	<input type="checkbox"/> EMPRESARIA AUTÓNOMA	<input type="checkbox"/> SOCIEDADE LIMITADA UNIPERSOAL	<input type="checkbox"/> SOCIEDADE COOP.
	<input type="checkbox"/> SOC. LIMITADA LABORAL	<input type="checkbox"/> SLNE	<input type="checkbox"/> SOC. ANÓNIMA
	<input type="checkbox"/> OUTRAS especificar	<input type="checkbox"/> SOCIEDADE CIVIL	<input type="checkbox"/> COMUNIDADE DE BENS

2. DATOS DA REPRESENTANTE LEGAL

APELIDOS E NOME		DNI	
TELÉFONOS	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

3. DATOS DO PROXECTO

TIPO DE ACTIVIDADE EMPRESARIAL	DENOMINACIÓN DO PROXECTO
ENDEREZO ONDE SE DESENVOLVE A ACTIVIDADE	NOME COMERCIAL

DECLARA

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

Que coñece e acepta todos os requisitos e obrigas expresadas na resolución de convocatoria incluída a autorización expresada coa sinatura desta solicitude para que a Secretaría Xeral da Igualdade comprobe a veracidade dos datos de identidade e solicite a información dos órganos competentes sobre o cumprimento das obrigas tributarias e sociais para recibir axudas públicas, que se estende ao período obrigatorio de mantemento da actividade.

Que presta expresamente o seu consentimento á Secretaría Xeral da Igualdade para que, de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, esta secretaria xeral publique as subvencións concedidas na súa páxina web oficial, e inclúa as referidas axudas e sancións impostas por consecuencia delas nos correspondentes rexistros públicos.

Que coñece que a obtención de axuda comunitaria implica a aparición na lista pública de persoas beneficiarias, na que figuran os datos de identidade ou denominación social, das operacións e da contía de fondos públicos asignada a cada operación, que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7º.2 d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).

E **SOLICITA** unha subvención amparada no réxime *de minimis* para o desenvolvemento do proxecto empresarial:

- ÁREA DE ACTUACIÓN I: POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS POR MULLERES
 ÁREA DE ACTUACIÓN II: APOIO Á MELLORA DO PROXECTOS EMPRESARIAIS LIDERADOS POR MULLERES

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (os anexos presentaranse asinados e datados en todas as páxinas):

<input type="checkbox"/> DNI OU NIE DA SOLICITANTE E/OU DAS/OS SOCIAS/OS
<input type="checkbox"/> DOCUMENTO DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE
<input type="checkbox"/> DOCUMENTACIÓN DE REPRESENTATIVIDADE SUFICIENTE PARA ACTUAR EN NOME DA EMPRESA
<input type="checkbox"/> CIF DA EMPRESA
<input type="checkbox"/> ANEXO II, CURRÍCULOS DAS PROMOTORAS E CADRO DE PERSOAL
<input type="checkbox"/> INFORME DE VIDA LABORAL DAS PROMOTORAS
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN DA AEAT SOBRE ALTA FISCAL E CÓDIGOS IAE OU ALTA CENSUAL
<input type="checkbox"/> MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROXECTO DA ACTIVIDADE
<input type="checkbox"/> MEMORIA ECONÓMICA (ANEXO III)
<input type="checkbox"/> COMPROMISO DE CREACIÓN DE EMPREGO (ANEXO IV)
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE AXUDAS (ANEXO V)
<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ORIXINAL BANCARIA
<input type="checkbox"/> DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DAS SITUACIÓNS ESPECÍFICAS OBXECTO DE VALORACIÓN
<input type="checkbox"/> OUTROS

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta secretaria xeral, como responsable do ficheiro.

SINATURA REPRESENTANTE OU PROMOTORA	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
Lugar e data	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO III



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE investiu no teu futuro"

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIONES PARA O APOIO AO EMPRENDAMENTO FEMININO PROGRAMA EMEGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SI429A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

MEMORIA ECONÓMICA

A) PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

CONCEPTO	IMPORTE SEN IVE (EUROS)
TERREOS	
EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS	
MAQUINARIA	
INSTALACIÓNS E FERRAMENTAS	
ELEMENTOS DE TRANSPORTE	
MOBILIARIO E UTENSILIOS	
EQUIPAMENTOS INFORMÁTICOS	
DEREITOS DE TRASPASO	
CUSTOS DE ADECUACIÓN/REFORMA LOCAIS (1)	
SUBTOTAL (A)	
PROVISIÓN DE FONDOS (IMPORTE NECESARIO PARA O MANTEMENTO DA EMPRESA, ANTES DE COBRAR AS PRIMEIRAS FACTURACIÓNS) (B)	
TOTAL (A + B)	

(1) Indicar neste caso o tipo de actuación e desagregar por partidas:

CONCEPTO	MAN DE OBRA SEN IVE (EUROS)	MATERIAIS SEN IVE (EUROS)	TOTAL SEN IVE (EUROS)

B) PROGRAMA DE FINANCIAMENTO INICIAL

CONCEPTO	IMPORTE (EUROS)
CONTRIBUCIÓN DA/S PROMOTORAS	
PRÉSTAMOS	
CRÉDITOS	
DEPÓSITOS E FIANZAS	
SUBVENCIONES CONCEDIDAS	
OUTROS (2)	
TOTAL FINANCIAMENTO	

(2) Indicar calquera outro concepto non especificado anteriormente:

--

DATA E SINATURA REPRESENTANTE OU PROMOTORA

Lugar e data

, de de



ANEXO IV



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA O APOIO AO EMPREDEMENTO FEMININO PROGRAMA EMEGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SI429A	DOCUMENTO DECLARACIÓN- COMPROMISO
--	---	--

COMPROMISO DE CREACIÓN DE EMPREGO

Dona con DNI

en calidade de representante ou promotora,

DECLARO O COMPROMISO

1º) De creación dos postos de traballo por conta allea para mulleres que se relacionan:

POSTO NUM. <input type="text"/>	CÓDIGO DO TIPO DE CONTRATO <input type="text"/>	INDEFINIDO/TEMPORAL (neste caso indicar nº meses) <input type="text"/>	XORNADA TEMPO COMPLETO/PARCIAL <input type="text"/>
	FUNCIÓNS, REQUISITOS DO POSTO DE TRABALLO <input type="text"/>		SITUACIÓN LABORAL-FAM. DA PERSOA TRABALLADORA <input type="text"/>
POSTO NUM. <input type="text"/>	CÓDIGO DO TIPO DE CONTRATO <input type="text"/>	INDEFINIDO/TEMPORAL (neste caso indicar nº meses) <input type="text"/>	XORNADA TEMPO COMPLETO/PARCIAL <input type="text"/>
	FUNCIÓNS, REQUISITOS DO POSTO DE TRABALLO <input type="text"/>		SITUACIÓN LABORAL-FAM. DA PERSOA TRABALLADORA <input type="text"/>
POSTO NUM. <input type="text"/>	CÓDIGO DO TIPO DE CONTRATO <input type="text"/>	INDEFINIDO/TEMPORAL (neste caso indicar nº meses) <input type="text"/>	XORNADA TEMPO COMPLETO/PARCIAL <input type="text"/>
	FUNCIÓNS, REQUISITOS DO POSTO DE TRABALLO <input type="text"/>		SITUACIÓN LABORAL-FAM. DA PERSOA TRABALLADORA <input type="text"/>

2º) Igualmente, declaro que se asinarán os seguintes acordos de teletraballo:

POSTO NUM. <input type="text"/>	CÓDIGO DO TIPO DE CONTRATO <input type="text"/>	INDEFINIDO/TEMPORAL (neste caso indicar nº meses) <input type="text"/>	XORNADA TEMPO COMPLETO/PARCIAL <input type="text"/>	INDICAR HOME/MULLER <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
	FUNCIÓNS, REQUISITOS DO POSTO DE TRABALLO <input type="text"/>		SITUACIÓN LABORAL-FAM. DA PERSOA TRABALLADORA <input type="text"/>	
POSTO NUM. <input type="text"/>	CÓDIGO DO TIPO DE CONTRATO <input type="text"/>	INDEFINIDO/TEMPORAL (neste caso indicar nº meses) <input type="text"/>	XORNADA TEMPO COMPLETO/PARCIAL <input type="text"/>	INDICAR HOME/MULLER <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
	FUNCIÓNS, REQUISITOS DO POSTO DE TRABALLO <input type="text"/>		SITUACIÓN LABORAL-FAM. DA PERSOA TRABALLADORA <input type="text"/>	
POSTO NUM. <input type="text"/>	CÓDIGO DO TIPO DE CONTRATO <input type="text"/>	INDEFINIDO/TEMPORAL (neste caso indicar nº meses) <input type="text"/>	XORNADA TEMPO COMPLETO/PARCIAL <input type="text"/>	INDICAR HOME/MULLER <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER
	FUNCIÓNS, REQUISITOS DO POSTO DE TRABALLO <input type="text"/>		SITUACIÓN LABORAL-FAM. DA PERSOA TRABALLADORA <input type="text"/>	

3º) Que os correspondentes contratos e as altas na Seguridade Social se realizarán en todo caso antes do 30 de outubro de 2011 e se presentarán como documentación xustificativa da subvención.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.:

(sinatura representante ou promotora)

NOTA: cubriranse tantas follas deste anexo como sexan necesarias para reflectir todos os postos de traballo que se van crear



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO V



FONDO SOCIAL EUROPEO
 "O FISE Axuda ao teu futuro"

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA O APOIO AO EMPRENDEMENTO FEMININO PROGRAMA EMEGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SI429A	DOCUMENTO DECLARACIÓN
--	---	---------------------------------

DECLARACIÓN DE AXUDAS

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS CONCEDIDAS E/OU SOLICITADAS E DECLARACIÓN DE NON INCURSIÓN NAS CIRCUNSTANCIAS DE INHABILITACIÓN PARA A OBTENCIÓN DE AXUDAS

Dona con DNI
 en calidade de representante ou promotora,

DECLARO:

- Non ter percibido ningunha outra axuda das administracións ou entidades públicas para a miña constitución como autónoma ou para a creación da empresa.
- Ter solicitado ou percibido subvencións das administracións ou entidades públicas ou organismos a elas vinculados ou dependentes, para a miña constitución como autónoma ou para a creación da empresa polos conceptos que se indican:

CONCEPTO DA AXUDA	SOLICITADA CONCEDIDA PERCIBIDA (*)	IMPORTE (EUROS)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE CONCEDENTE

* Indíquese o que corresponda

Así mesmo, **DECLARO**

- Non ter percibido ningunha axuda do réxime *de minimis* nos tres últimos exercicios fiscais.
- Ter percibido as seguintes axudas *de minimis* nos tres últimos exercicios fiscais:

DENOMINACIÓN DA AXUDA	IMPORTE (EUROS)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE CONCEDENTE

Igualmente, DECLARO non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas segundo o establecido no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que conste, asino esta declaración.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.:

(sinatura representante ou promotora)



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO VI



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE Investe no teu futuro"

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA O APOIO AO EMPRENDEMENTO FEMININO PROGRAMA EMEGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SI429A	DOCUMENTO XUSTIFICACIÓN
--	---	-----------------------------------

SOLICITUDE DE PAGAMENTO

1. DATOS DA SOLICITANTE

APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		DNI/CIF	
[]		[]	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
[]	[]	[]	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
[]	[]	[]	[]
CORREO ELECTRÓNICO			
[]			

2. DATOS DA REPRESENTANTE LEGAL

APELIDOS E NOME		DNI	
[]		[]	
TELÉFONOS	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
[]	[]	[]	

SOLICITA:

O pagamento da subvención concedida por resolución da Secretaría Xeral da Igualdade con data do [] de conformidade coa documentación que se achega para estes efectos segundo o exixido na convocatoria.

DOCUMENTACIÓN:

- Altas das promotoras na Seguridade Social ou mutualidade profesional.
- Inscripción da empresa no sistema da Seguridade Social.
- Altas das/os traballadoras/es por conta allea na Seguridade Social e contratos de traballo.
- Declaración de cumprimento do orzamento.
- Acordo laboral.
- Acordos de teletraballo.
- Declaración de axudas (anexo V).
- Acreditación documental da información e publicidade do financiamento público da acción.
- Informe actualizado dos códigos de cotización da empresa, sempre que nesta data figuren nel todas as contratacións. En caso contrario, observarase o disposto no artigo 17º.1e) das bases reguladoras.
- Outros. []

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.:

(sinatura representante ou promotora)